



## RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDA OU POSTERIOR TRANSMISIÓN NO CONCELLO DE FERROL.

En data 15-02-2019, publicouse a resolución da lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C85140, conta 69, situada no concello de Ferrol, r/ Álvaro Cunqueiro, 6, 1º C.

Transcorrido o prazo sinalado na devandita resolución, non se presentaron reclamacións.

Á vista do que antecede

Resolvo

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, referido á resolución de inicio do 27-12-2018, de vivenda protexida de promoción pública (VPP) en segunda ou posterior transmisión do expediente C85140, conta 69, situada no concello de Ferrol, r/ Álvaro Cunqueiro, 6, 1º C.

2º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web de I.G.V.S.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interponer recurso de alzada ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade có disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**Asinado electronicamente na Coruña**

